PROTOCOLO DE LAZOS, TRAMPAS E CEBOS ENVELENADOS

Protocolo de recollida de información en denuncias de dano á fauna mediante lazos.
Os mesmos requirimentos poden ser igoal de válidos ante a presenza de velenos, cebos envelenados, cepos ou trampas, ou artes ilegais semellantes.

A colocación de lazos pode constituír **un delito conforme ó artigo 336 do C.P:**
O que, sen estar legalmente autorizado, empregue para a caza ou pesca veleno, medios explosivos ou artes de semellante eficacia destrutiva ou non selectiva para a fauna, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a vinte e catro meses e, en calquera caso, a de inhabilitación especial para profesión u oficio e inhabilitación especial para o exercicio do dereito a cazar ou pescar por tempo de un a tres anos. Se o dano causado fora de notoria importancia, impoñerase a pena de prisión antes mencionada na súa metade superior.

A pesar de que o termo de lazo non figura recollido explicitamente en dito artigo, e non estar incluído no ANEXO VII, "Procedementos para a captura ou morte de animais e modos de transporte que quedan prohibidos", da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, (neste anexo tan só quedan prohibidos os lazos no caso das aves) a doutrina empregada polos tribunais defende que:

Os lazos son equiparables a outras artes semellantes en eficacia destrutiva para a fauna, e capaces de orixinar efectos de destrución masiva ou xeneralizada, e de eficacia indiscriminada para calquera especie ou animal, tendo unha real capacidade de incidencia para lesionar ou matar a aquelas especies que poderían resultar afectadas.

Para que poida ser motivo de sanción penal precísase que se demostre que co seu uso, a persoa ou persoas involucradas pretenderán ter unha capacidade real de incidencia para poder afectar á fauna e o tipo de especie para quen vai dirixido.

Por iso é determinante na toma de información que quede recollida da maneira máis precisa posible os seguintes datos, evitando así posibles invalidacións das probas ou unha recollida de información que se faga insuficiente para unha axeitada imputación de delito grave contra a fauna.

PROTOCOLO DE LAZOS, TRAMPAS E CEBOS ENVELENADOS

CÓMO SE DEBE ACTUAR:

ANTE A PRESENZA DE LAZOS RECOMÉNDASE:

a. Non tocalos e retiralos, ou eliminar, alterar, ou manipular probas.

b. Informar da súa presenza aos axentes da autoridade (Garda Civil, SEPRONA, Policía Autonómica, ou Axentes de Medio Ambiente da Xunta de Galiza).

QUE DEBE CONSTAR NA DENUNCIA:

É importante que o parte de denuncia conteña os seguintes elementos descritivos:

	DESCRICIÓN
Número de lazos (detectados e valorar se hai indicios de que poida haber máis)	
Localización e grado de detectabilidade Especificar o máis detallado posible o modo no que aparecen.	
Tamaño dimensións destes.	
Tipo de mecanismo diferenciando se se trata dun mecanismo simple ou complexo	
Importancia do lugar onde se colocan para a fauna (por existencia de pasos, zona de cría, etc),	
Tipo de especies que poderían resultar afectadas, incluíndo a existencia de especies ameazadas e/ou incluídas en catálogos de protección.	
Outras Acompañar fotos, e outras probas se é posible.	

PROTOCOLO DE LAZOS, TRAMPAS E CEBOS ENVELENADOS

VALORACIÓNS:

Que quede ben recollida, se é o caso, a incidencia que poden ter eses lazos en función das circunstancias nas que aparecen e son usados, cunha valoración sobre si se aprecia unha existencia de intencionalidade de dano, e o grado que se pretende alcanzar, en base aos lugares escollidos, o tipo de lazos, o número empregado e o seu modo de colocación), en base aos seguintes criterios:
(tamén para o caso de cebos, trampas, velenos).

CONFIRMAR A REAL CAPACIDADE DE INCIDENCIA

á vista dos medios empregados, para poder danar á fauna e o tipo de especies que poderían resultar afectadas nese lugar:

CONFIRMAR A EFICACIA DESTRUCTIVA INDISCRIMINADA PARA CALQUERA ANIMAL DOS MEDIOS EMPREGADOS

á vista do atopado, POLO TIPO de lazo (tamaño, forma, etc)

CONFIRMAR A EFICACIA DESTRUCTIVA SOBRE A FAUNA PODE CONSIDERARSE XERALIZADA E/OU MASIVA.

Se polo número de lazos (cebos, velenos, trampas) atopados ou tipo de localización e colocación se pode equiparar con outras artes de semellante eficacia destructiva para fauna como poden ser os velenos ou explosivo.

A D E G A